



004338 07.06.2010 13:43

Na resolución reitoral do 18 de maio de 2010 regúlase a realización do traballo fin de grao na USC. No apartado cuarto desta resolución establécense os requisitos para a matrícula, que deberá realizarse nos prazos fixados para a matrícula ordinaria. Tanto os requisitos como o prazo de matrícula son distintos aos que se aplican a proxectos de fin de carreira dos plans anteriores aos de grao.

Debido a que hai alumnos que, cumprindo os requisitos, non se matricularon no traballo fin de grao de Enxeñaría Informática, por entender que o prazo sería o mesmo que para os proxectos fin de carreira da Enxeñaría Técnica, cómpre establecer, con carácter excepcional, un prazo de matrícula para poidan presentar o seu traballo no presente curso académico 2009/10.

Por este motivo, **ESTA REITORIA RESOLVE:**

ÚNICO.- Os alumnos que cursan estudos do Grao en Enxeñaría Informática nesta universidade, e cumpran os requisitos establecidos no apartado cuarto da resolución reitoral do 18 de maio de 2010, poderán matricularse no traballo fin de grao no prazo comprendido entre o 10 e 18 de xuño de 2010, na Unidade de Xestión Académica do Campus Sur.

Para a realización, presentación e avaliación dos traballos fin de grao aplicarase o disposto na resolución reitoral do 18 de maio de 2010.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2010

O REITOR,

(Por delegación, RR 27/05/2010)

A VICERREITORA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN



M^a José Alonso Fernández

SRA. SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR - SR. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA - SR. DIRECTOR DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRFS/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRES./AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN